

SESIÓN EXTRAORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 16 DE XUÑO DE 2021

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás trece horas e un minuto do día dezaseis de xuño de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión extraordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

A sesión extraordinaria ten sido convocada a petición dos concelleiros e concelleiras que a continuación se relacionan, mediante escrito rexistrado de entrada ao núm. 900/2051, o día 27 de maio de 2021: don Juan María Abalo Castex e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez, do BNG; don Raúl Varela Fraguío, de AV; dona María Olga Santos, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten os señores concelleiros don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso, dona María Carmen Pan Matos, don Daniel Mallo Castro, dona Mónica Varela Germade e dona María Dolores Pan Lesta, de UxC; dona Lúa Sanguinredo Álvarez, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto, dona Patricia María Parceros Quiñoy e don Diego Alcantarilla Rei, do PSdeG-PSOE; don Juan María Abalo Castex, dona María Jesús González Roel e dona Marta María Vázquez Golpe, do PP; don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; don Raúl Varela Fraguío e dona Sandra Sánchez Vieites de AV; e integrando o Grupo Mixto, dona María Olga Santos López, de EU-Son en Común e dona María José García Hidalgo, de C's.

Asisten don Francisco Javier Ulloa Arias, interventor, e dona María Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1º do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión extraordinaria do Pleno municipal do día 16 de xuño de 2021, ás 13:01 horas, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_202106161101450000_FH.mov), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, o señor alcalde, en aplicación do disposto no artigo 126 do Regulamento orgánico municipal, dá paso aos asuntos obxecto da convocatoria, pola orde que consta a continuación:

2. Xustificación pola Concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos do Concello de Cambre da oportunidade e legalidade da Resolución número 470/2021, do 9 de abril, da Concelleira de Economía, Facenda e Recursos Humanos do Concello de Cambre pola que se aproban as bases da convocatoria para a provisión do posto de Inspector – Xefe da Policía Local do Concello de Cambre polo procedemento de libre designación con convocatoria pública

Acceso á videoacta – 00:11:46 horas

3. Xustificación pola Concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos do Concello de Cambre da existencia de crédito axeitado e suficiente nos orzamentos municipais para a creación e provisión da praza de Inspector – Xefe da Policía Local de Cambre

Acceso á videoacta – 00:14:15 horas

Faise constar que cando son as 13:35 horas auséntase da sesión dona Marta María Vázquez Golpe, do PP.

1. Xustificación polo Alcalde-Presidente do Concello de Cambre da necesidade, oportunidade e legalidade da creación e provisión dunha praza de Inspector – Xefe da Policía Local do Concello de Cambre polo procedemento de libre designación con convocatoria pública

Acceso á videoacta – 00:40:23 horas

4. Xustificación polo Alcalde – Presidente do Concello de Cambre dos motivos que levaron á convocatoria dunha reunión con parte dos membros do Corpo da Policía Local de Cambre, con exclusión dos recorrentes á resolución número 470/2021, do 9 de abril, da Concelleira delegada de Economía, Facenda e Recursos Humanos do Concello de Cambre

Acceso á videoacta – 00:42:39 horas

5. Xustificación polo Alcalde – Presidente do Concello de Cambre dos asuntos tratados e acordos alcanzados, no seu caso, na reunión mantida o pasado 19 de maio no salón de plenos do Concello, con membros da Policía Local de Cambre

Acceso á videoacta – 00:43:42 horas

6. Xustificación polo Alcalde – Presidente do Concello de Cambre da ausencia de tramitación e toma en consideración do escrito asinado polos voceiros de todos os grupos municipais na oposición ao abeiro do artigo 17.bis) do Regulamento Orgánico Municipal de Cambre

Acceso á videoacta – 00:44:05 horas

7. Xustificación polo Alcalde – Presidente do Concello de Cambre da vulneración do dereito fundamental á participación política dos concelleiros dos grupos municipais na oposición ao impedir o acceso e participación destes á reunión mantida o pasado 19 de maio no salón de plenos da Casa do Concello de Cambre cos membros da Policía Local de Cambre

Acceso á videoacta – 00:45:12 horas

Faise constar que cando son as 14:18 horas, e trala terceira chamada á orde formulada polo Sr. alcalde, a concelleira de EU-Son en Común abandona o salón de sesións.

Igualmente faise constar que don Juan María Abalo Castex, voceiro do PP, solicita que conste en acta que pediron o expediente completo, foliado e selado, e o señor alcalde fixo referencia a un documento que non consta nese expediente.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente levantou a sesión cando son as catorce horas e vinte e un minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria xeral
María Luisa de la Red Ampudia